



Na fogueira dos versos

Antonio García Teijeiro


(860P-GAR-fog)

29 sinxelos poemas publicados por Xerais na colección Merlín. Neste libro o autor establece un diálogo cos poetas da nosa tradición, desde os xogres medievais ata os poetas actuais. Foi premiado por unanimidade por un xurado de lectores.

Nunca seré tu héroe

María Menéndez-Ponte (860N-MEN-nun)

Andrés está farto do colexio, dos grans, da plasta da súa irmá, de Jorge "o birlanovias", da vida en xeral e do profesor de historia en particular. Dani e el propuxéronse cambiar o mundo e converterse en heroes, polo menos iso é o que estaba previsto. Se logo as cousas non saen así...




La búsqueda del dragón

Anne MacCaffrey (860N-MAC-bus)

Volven os valentes cabalgadores de dragón de Pern, en conexión mental coas súas cabalgaduras. Atacan xuntos ás terribles "febras" que caen do espazo, acabando con toda forma de vida. Pero o valor dos xinetes pode non ser suficiente. Hai moitas máis cousas en xogo...


Cómic



Lucky Luke

Goscinny-Morris (791C-GOS-luc)

As aventuras do vaqueiro que é máis rápido que a súa propia sombra. Sempre acompañado polo seu fiel cabalo percorre u oeste, atopándose nas súas andainas cos personaxes máis famosos, e perseguindo aos eternos enemigos, os terribles irmáns Dalton.



Tito Longueirón

Pinto & Chinto (791C-PIN-tit)


Futbolista, piloto de carreiras, boxeador, regatista, esquiador... Ningún deporte ten segredos para Tito Longueirón, quizais o atleta máis completo da Historia (e da historieta). En cada disciplina non dubida en facer uso das súas cualidades innatas, entre as que destacan a pillería e unha leve tendencia a facer pequenas trampulladas. E todo isto sen unha letra!

Biblioteca

IES Pedra da Aguia

Guía de Lectura

Un verán de libro



En 1963, Álvaro Cunqueiro escribiu un breve ensaio, *Imaxinación e creación*, ao que pertencen estas palabras: *o propio dun escritor é contar claro, seguido e ben. Contar a totalidade humana, que el pola súa parte ten a obriga de alimentar con novas olladas. E se hai algo que estea claro nesa dieta, é que o home precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños.*

Beber soños coma quen bebe auga. Pódese facer unha definición mellor da necesidade da lectura?


Dun discurso de Agustín Fernández Paz

Contos de medo

Equipo TrisTram

(869N-EQU-con)

Contos de medo ofrece unha coidada selección dos máis medorentos relatos da literatura universal. Autores como Poe, Ambrose Bierce, Bram Stoker ou un pioneiro da literatura fantasmal como Daniel Dafoe, danse cita neste volume con historias ideadas para sentirmos sós no medio do escuro.



El señor Pip

Jones Lloyd (860N-LLO-señ)

Cara a 1991, durante os primeiros compases da guerra civil que arrasou a remota illa de Bougainville, Matilda e a súa nai viven soas ante a ausencia do pai. O señor Watts un bo día decide reabrir as portas da escola e exercer de mestre. O improvisado mestre logra atrapar o interese dos seus novos alumnos, cativados polas aventuras e desventuras de Pip, o mozo orfo protagonista da novela “Grandes Esperanzas”, de Charles Dickens.




A tres Metros Sobre El Cielo

Moccia Federico (860N-MOC-tre)

Babi é unha estudante modelo e a filla perfecta. Step, en cambio, é violento e descarado. Proveñen de dous mundos completamente distintos. A pesar de todo, entre os dous nacerá o amor. Un amor polo que deberán loitar máis do que esperaban.

Un libro que é un auténtico éxito entre os lectores xuvenís en toda Europa, que escriben por todas partes a mesma mensaxe que o protagonista: “io e te, 3MSC”. E isto non é máis que o primeiro volumen dunha serie de tres.



A Pomba e o Degolado

Fina Casalderrey (869N-CAS-pom)


A André foron demasiadas cousas ás que non lle sentaron ben nos tres anos que leva no instituto, onde nin sequera podía refuxiarse no aseo para coller alento. Os recreos estaban tomados por Héctor Solla e Raúl Pernas, unha sorte de matóns clandestinos que lle facían a vida imposible a el e a súa compañeira Halima Atif.

O can dos Baskerville

Sir Arthur Conan Doyle (869-DOY-can)

Unha historia de terror calofriante levada ao teatro, ao cinema e á televisión.

As aventuras do máis famoso detective de todos os tempos. Na Inglaterra vitoriana, Sherlock Holmes resolve os casos máis insólitos grazas á súa capacidade dedutiva e á axuda do Dr. Watson. Holmes investiga a morte inesperada de sir Charles. Unha vez máis a maldición cae sobre os Baskerville, anunciada por un espectro e os alaridos dun can.



A todo gas

Clive Gifford (79-GIF-tod)

Unha pequena enciclopedia sobre os deportes de motor. Desde Fernando Alonso ou Valentino Rossi ata Juan Manuel Fangio. Coñece as categorías, circuitos, as marcas de cada competición, as mellores anécdotas e os triunfos e traxedias que acompañaron a historia destes deportes.




El Universo

Jean Pierre Verdet e Chistian Broutin (52-VER-uni)



Podes poñer a carauta que hai na lapela do libro e aventurarte polas páxinas do libro para descubrir unhas maravillosas ilustracións en tres dimensións (3D) sobre o universo: os primeiros descubrimentos, o ceo a simple vista, o zodíaco, os descubrimentos de Tolomeo,

Copérnico, Galileo..



Sangre de tinta – Cornelia Funke (860N-FUN-san)

Despois de **Corazón de tinta**, a puntillón de estreir a película, que mellor que continuar con **Sangre de tinta**. A vida parece que volve ser tranquila na casa de tía Elinor e na súa fascinante biblioteca, co regreso de Resa, ou con Mo (Lingua de Bruxo) de novo encaderando e «sanando» libros enfermos. Pero o perigo volve axear tras as páxinas e no xardín. A trama complícase e Meggie enfrontarase a difíciles situacións.

Nacer Xulio Gutiérrez e Nicolás Fernández (59-GUT-nac)

É o segundo volumen da colección *Animais Extraordinarios*, o primeiro chámase *Bocas* e tamén está na biblioteca. Conta a especial forma de reprodución de doce especies de animais de todos os continentes.



Información